

DESGLOSE DOS PUNTOS 5.1, 5.5, 5.6 E 5.7: FONÉTICA, ESTRUCTURAS MORFOSINTÁCTICAS-DISCURSIVAS E VOCABULARIO		
3º ESO		
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CONTIDOS	TEMPORALIZACIÓN
PLEB5.1. Desenvólvese na maioría das actividades de aula facendo un esforzo por utilizar a lingua estranxeira, cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible dos esquemas fónicos e fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras, e pide axuda e aclaracións aos compañeiros e ás compañeiras cando non progresa a comunicación.	<ul style="list-style-type: none"> • Pronuncia de fonemas de especial dificultade, tanto vocálicos coma consonánticos. • Pronuncia de formas contractas. • Pronuncia da terminación en formas de tempos verbais: /s, z, iz/ da 3ª persoa singular do presente simple. • Formas débiles de <i>than, as</i>. • Acentuación de palabras e frases. • Entoación de frases. • Ritmo. 	1ª AVALIACIÓN <i>Action ESO 3</i> - Unidades: <ul style="list-style-type: none"> • introduction. • unit 1. • unit 2. • unit 3.
	<ul style="list-style-type: none"> • Pronuncia de fonemas de especial dificultade. • Pronuncia de formas contractas. • Pronuncia da terminación en formas de tempos verbais: /d, t id/ do pasado simple. • Formas débiles de <i>was, were</i>. • Formas contraídas: <i>shouldn't, mustn't, can't...</i> • Acentuación de palabras e frases. • Entoación de frases. • Ritmo. 	2ª AVALIACIÓN <i>Action ESO 3</i> - Unidades: <ul style="list-style-type: none"> • unit 4. • unit 5. • unit 6.
	<ul style="list-style-type: none"> • Pronuncia de fonemas de especial dificultade. • Pronuncia de formas contractas. 	3ª AVALIACIÓN <i>Action ESO 3</i> - Unidades:

DESGLOSE DOS PUNTOS 5.1, 5.5, 5.6 E 5.7: FONÉTICA, ESTRUCTURAS MORFOSINTÁCTICAS-DISCURSIVAS E VOCABULARIO		
3º ESO		
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CONTIDOS	TEMPORALIZACIÓN
	<ul style="list-style-type: none"> • Pronuncia da terminación en formas de tempos verbais: participios e pasado simple. • Formas débiles. • Acentuación de palabras e frases. • Entoación de frases. • Ritmo. 	<ul style="list-style-type: none"> • unit 7. • unit 8. • unit 9.
<p>PLEB5.5. Identifica e utiliza os expoñentes máis comúns propios do seu nivel para realizar as funcións comunicativas, así como os patróns discursivos de uso máis frecuente para o propósito comunicativo.</p> <p>PLEB5.6. Domina as estruturas morfosintácticas e discursivas máis habituais para comprender e expresar en rexistros estándar intencións e significados mediante as funcións comunicativas propias do seu nivel, e reflexiona sobre a utilidade do coñecemento adquirido noutras linguas para comprender e elaborar textos na lingua meta.</p>	<p>Funcións comunicativas e estruturas sintáctico-discursivas propias do inglés:</p> <p>Saudar, presentarse a sí mesmo e a outros. Intercambiar información personal.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Fórmulas: <i>nice to meet you...</i> <p>Expresar cantidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Nomes contables e incontables. • <i>Much / many / a lot of / a little...</i> <p>Descricións físicas e de personalidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Adxectivos: posicións atributiva e predicativa. • Pronomes e adverbios relativos: <i>who, which, where</i>. • Oracións de relativo especificativas. • Comparativo e superlativo dos adxectivos. 	<p>1ª AVALIACIÓN</p> <p><i>Action ESO 3 - Unidades:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> • introduction. • unit 1. • unit 2. • unit 3.

DESGLOSE DOS PUNTOS 5.1, 5.5, 5.6 E 5.7: FONÉTICA, ESTRUTURAS MORFOSINTÁCTICAS-DISCURSIVAS E VOCABULARIO		
3º ESO		
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CONTIDOS	TEMPORALIZACIÓN
	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Too</i> + adxectivo / adxectivo + <i>enough</i>. <p>Expresar hábitos.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Presente simple. • Adverbios de frecuencia: <i>always, often,...</i> <p>Expresar accións en curso, comparándoas con accións habituais.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Presente simple / presente continuo. • Expresións temporais: <i>now, at the moment...</i> <p>Expresar gustos e preferencias.</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Like / love / don't mind / hate + -ing</i> 	
	<p>Narrar feitos do pasado, biografías e películas.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Pasado simple (verbos regulares e irregulares). • <i>There was / there were</i>. • Expresións de tempo: <i>last month, yesterday, ago,...</i> • <i>Used to</i> + infinitivo. • Pasado continuo / pasado simple. • <i>While / when</i>. 	<p>2ª AVALIACIÓN</p> <p><i>Action ESO 3</i> - Unidades:</p> <ul style="list-style-type: none"> • unit 4. • unit 5. • unit 6.

DESGLOSE DOS PUNTOS 5.1, 5.5, 5.6 E 5.7: FONÉTICA, ESTRUTURAS MORFOSINTÁCTICAS-DISCURSIVAS E VOCABULARIO		
3º ESO		
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CONTIDOS	TEMPORALIZACIÓN
	<p>Dar consello.</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Should / shouldn't.</i> <p>Expresa-lo deber, a obriga e a ausencia desta.</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Have to / don't have to / must / mustn't / need to / don't need to.</i> <p>Expresar habilidade ou capacidade e permiso.</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>can / could.</i> • <i>Be able to.</i> <p>Expresar certeza e posibilidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>May / can / can't...</i> 	
	<p>Expresar plans, a idea de futuro de intención, prediccións, probabilidade, posibilidade e hipótese.</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Will / won't / be going to + infinitive.</i> • <i>Present continuous</i> con valor de futuro. • Futuro contínuo. • <i>Might / might not.</i> • <i>May / may not.</i> • Oracións condicionais do tipo 1 e tipo 2. 	<p>3ª AVALIACIÓN</p> <p><i>Action ESO 3 - Unidades:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> • unit 7. • unit 8. • unit 9. • Grammar extension: reported speech (statements).

DESGLOSE DOS PUNTOS 5.1, 5.5, 5.6 E 5.7: FONÉTICA, ESTRUTURAS MORFOSINTÁCTICAS-DISCURSIVAS E VOCABULARIO		
3º ESO		
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CONTIDOS	TEMPORALIZACIÓN
	<p>Dar e pedir información sobre produtos que requiren un proceso de elaboración: música, libros...</p> <ul style="list-style-type: none"> • A voz pasiva (presente simple e pasado simple). • Frases adverbiais. <p>Preguntar e responder sobre feitos que xa remataron ou aínda non remataron, sobre feitos recentes e experiencias.</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Present perfect e past simple.</i> • <i>Ever / never / just.</i> • <i>For / since.</i> • <i>Already / yet.</i> <p>Transmitir as ideas e opinións de outros.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Estilo indirecto: <i>statements.</i> • Expresións temporais: <i>then, the day before...</i> 	
<p>PLEB5.7. Utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos en rexistro estándar propios do seu nivel educativo, e comprende e utiliza estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos</p>	<p>Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Adxectivos que describen físicamente. • Adxectivos que describen a personalidade. 	<p>1ª AVALIACIÓN</p> <p><i>Action ESO 3 - Unidades:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> • introduction. • unit 1. • unit 2. • unit 3.

DESGLOSE DOS PUNTOS 5.1, 5.5, 5.6 E 5.7: FONÉTICA, ESTRUCTURAS MORFOSINTÁCTICAS-DISCURSIVAS E VOCABULARIO		
3º ESO		
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CONTIDOS	TEMPORALIZACIÓN
paralingüísticos, cuasilingüísticos e paratextuais).	<ul style="list-style-type: none"> • Partes do corpo. • Familia. • Animais. • Materias escolares. • Roupas. • Deportes e equipamento deportivo. • Mobiliario. • Lugares. • Transporte. • Comida e bebida. • Rutinas. • Arte. • Profesións. • Verbos que denotan acción. 	
	<ul style="list-style-type: none"> • Accidentes xeográficos. • Obxectos relacionados coas viaxes. • Adxectivos. • Emocións. • Profesións. • Moda. • Adxectivos relacionados coa roupa e a moda. 	<p style="text-align: center;">2ª AVALIACIÓN</p> <p><i>Action ESO 3 - Unidades:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> • unit 4. • unit 5. • unit 6.
	<ul style="list-style-type: none"> • Espazo. Viaxes espaciais. • Verbos. • Lugares. • Medio ambiente. • Verbos relacionados cos medios de 	<p style="text-align: center;">3ª AVALIACIÓN</p> <p><i>Action ESO 3 - Unidades:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> • unit 7. • unit 8.

DESGLOSE DOS PUNTOS 5.1, 5.5, 5.6 E 5.7: FONÉTICA, ESTRUCTURAS MORFOSINTÁCTICAS-DISCURSIVAS E VOCABULARIO		
3º ESO		
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CONTIDOS	TEMPORALIZACIÓN
	transporte. • Adxectivos. • Tecnoloxía: teléfonos móbiles.	• unit 9.

Estes contidos aparecerán reflectidos na adquisición das diferentes habilidades lingüísticas: comprensión de textos orais, produción de textos orais (expresión e interacción), comprensión de textos escritos e produción de textos escritos (expresión e interacción), correspondentes aos bloques 1, 2, 3 e 4 da programación didáctica.

Cómpre prestar especial atención ao seguinte punto:

BLOQUE 3: comprensión de textos escritos		
3º ESO		
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	TEMPORALIZACIÓN
PLEB3.6. Comprende o esencial (por exemplo, en lecturas para a mocidade) de historias de ficción breves e ben estruturadas, e faise unha idea do carácter dos personaxes, das súas relacións e do argumento.	• Observación do traballo na aula. • Proba escrita e/ou oral sobre un libro de lectura obrigatoria . De non ser posible a súa realización, substitución por un traballo sobre el.	3ª AVALIACIÓN

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1-ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Como instrumentos de avaliación utilizaranse:

-A observación sistemática do desenvolvemento das tarefas realizadas na clase (incluída a actitude) ou encomendadas para casa (a nivel de produción- oral e escrita- e de comprensión- oral e escrita), ben individuais, en parellas ou pequenos grupos, a utilización do inglés como lingua de comunicación na clase e a realización de proxectos individuais ou en grupo. A media destas notas suporá o 30% da nota da avaliación.

-A realización de dúas ou tres probas formais a nivel individual (exames) ao longo de cada unha das tres avaliacións, que incluírán varios apartados: *grammar, vocabulary, reading, writing, listening* e unha proba de *speaking* ao remate de cada unha das avaliacións. Entre estas probas formais estará durante a terceira avaliación o exame escrito e/ou oral sobre o libro de lectura obrigatoria. A media das notas de estas probas suporá o 70% da nota da avaliación.

O alumnado poderá sumar ata un punto extra en cada avaliación pola lectura optativa dun libro, do que será examinado oralmente ou por escrito.

Considerarase que un alumno/a supera a materia de inglés nunha avaliación cando, aplicado o baremo, a nota final sexa **igual ou superior a 5,00**.

Non se realizarán probas de recuperación.

2-ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

En caso de vernos na obriga dun confinamento temporal, como instrumentos de avaliación utilizaranse:

-Entrega de tarefas en forma e prazo enviadas a través das plataformas arbitradas polo centro, E-Dixgal (1º e 2º ESO), Aula Virtual ou, se é posible, Google Classroom, neste último caso en formato Documentos de Google (Google Docs).

-Participación nas posibles clases vía telemática, cumprindo as normas establecidas polo Departamento.

-Realización de actividades dos libros dixitais.

A media xeométrica destas notas suporá o 30% da nota da avaliación.

En caso de terse realizado ademais tarefas de xeito presencial durante a avaliación, as súas cualificacións tamén formarán parte deste 30%.

-Probas individuais presenciais, se é posible porque a situación sanitaria o permite, que suporán o 70% da nota de avaliación.

No caso de non ter realizado ningunha proba presencial durante algunha avaliación, a media xeométrica das actividades realizadas suporá o 100% da nota da avaliación.

3-ALUMNADO EN CORENTENA

O alumnado que se atope en corentena realizará as mesmas actividades que o resto do alumnado da súa clase, sempre que a súa saúde o permita, utilizando para a súa entrega as plataformas dixitais arbitradas polo centro. A media xeométrica das cualificacións das mesmas formará parte do 30% da nota da avaliación, xunto coas actividades realizadas durante o período presencial.

O 70% restante será a media das cualificacións obtidas nos exames presenciais.

En caso de faltar a un exame, o alumnado en corentena farao ao incorporarse á actividade lectiva presencial.

4-CUALIFICACIÓN FINAL

Para obter a **nota final da avaliación ordinaria de xuño**, o baremo utilizado será o seguinte:

- Nota da 1ª avaliación: 30%.
- Nota da 2ª avaliación: 30%.
- Nota da 3ª avaliación: 40%.

Considerarase que un alumno/a supera a materia de inglés cando, aplicado o baremo, a nota final sexa **igual ou superior a 5,00**.

A final de curso, aqueles alumnos/as que tras aplicar este baremo teñan a materia suspensa, realizarán un exame global presencial dos contidos traballados durante todo o curso. Se o aproban, a materia considerase superada.

Nas **probas extraordinarias de setembro**, o exame realizado suporá o 100% da nota obtida.